



CONCELLO DE TOQUES
Lugar de Souto, s/n.-15806.-TOQUES (A Coruña)
Tfno: 981 505 826 correo@toques.es

PROTOCOLO DE SEGURIDADE E PREVENCIÓN DE RISCOS EN ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS NAS INSTALACIÓN MUNICIPAL

Concello de Toques

PROTOCOLO

Tendo en conta a situación sociosanitaria actual e seguindo as normativas publicadas no DOG nº 109 bis do xoves 10 de xuño de 202, todos os usuarios e familias deberán asumir un compromiso responsable onde garanten que a saúde do participante non presentou síntomas durante os catorce días previos á asistencia na actividade (tos, febre, cansanzo ou falta de aire), así como de non haber estado en contacto con outras persoas con dita sintomatoloxía e ou infectados por coronavirus. **Este compromiso quedará reflexado nunha declaración asinada no momento da solicitude de inscrición na actividade.**

Se durante o transcurso dunha actividade se detectan síntomas, en usuarios e persoal, dos mencionados no párrafo anterior, o procedemento será o seguinte: illamento da persoa/s en cuestión, contacto coa/s familia/s e notificación aos servizos sanitarios. Desde ese momento seguiranse as pautas marcadas por Sanidade.

NORMAS XERAIS

1. O uso da máscara é obrigatoria en todas as actividades, salvo en momentos puntuais das actividades deportivas; cumprindo o distanciamento e sempre baixo a supervisión e tutela do responsable de dita actividade.

2. Os usuarios deberán desinfectar as máns cos hidroxeles dispostos no locais ao



CONCELLO DE TOQUES

Lugar de Souto, s/n.-15806.-TOQUES (A Coruña)

Tfno: 981 505 826 correo@toques.es

entrar no espazo, durante a actividade e ao rematar a mesma.

3. As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados con esa finalidade.

4. Os usuarios/as non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.

5. Con carácter xeral, non se compartirá material e, se non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.

6. O material e elementos comúns empregados en todas as actividades será desinfectados previamente por persoal municipal, e realizarase unha ventilación previa e posterior á actividade.

Todas estas previsións estarán suxeitas á evolución da crise do COVID 19 e ás disposicións normativas e recomendacións sanitarias vixentes en cada momento.